

MEMORIA DE ACTIVIDADES DO PROXECTO CERNA 2022

O proxecto CERNA é o proxecto que promove ADEGA para a difusión e divulgación da información ambiental e cultural do país. Está conformado pola edición dixital e impresa da única revista galega sobre ecoloxía e medio ambiente, a **Revista Cerna**; pola edición radiofónica do espazo **Radio Cerna**, tamén desde o soporte dixital e analóxico, a través de emisoras locais e municipais colaboradoras na súa difusión; e a partir de 2019, tamén pola canle dixital **Cerna TV**, para difusión de contidos audiovisuais; o **Dosier de información ambiental**; o **Cerna-Barómetro** e, desde 2023, a **Newsletter Cerna**. Todas estas actividades, enmarcadas no proxecto Cerna, son medios divulgativos de referencia no eido ambiental galego, escritos e producidos integramente en galego e coa maior traxectoria na difusión deste tipo de contidos no caso da Revista Cerna (desde 1993) e Radio Cerna (desde 2005).

ACTIVIDADES DESENVOLTAS EN 2022

REVISTA CERNA

Durante o ano 2022 realizáronse 3 edicións da Revista Cerna, dúas dixitais (87 e 88, de 43 e 60 páxinas, respectivamente) e a edición impresa de 60 páxinas en formato anuario (Cerna 2022), a cor e en papel con certificado FSC, reciclado e ecolóxico, cunha tirada de 2.000 exemplares para distribuír por toda Galiza. As edicións dixitais están subidas a un repositorio on-line e visibles a través da páxina web <https://adega.gal/revistacerna>. O número de artigos publicados en total durante 2022 foron 36, e 30 os autores e autoras que participaron na súa elaboración. O debate en torno á política eólica foi un dos temas chave tratados en cada unha das edicións, a través da voz de persoas expertas de diferentes ámbitos, pero tamén tiveron presenza os incendios forestais, o 20 aniversario do Prestige, os montes veciñais, as problemáticas de conservación das aves ou iniciativas de desenvolvemento sustentable como as comunidades enerxéticas ou as vivendas colaborativas.

RADIO CERNA

Durante o ano 2022, Radio Cerna produciu e emitiu un total de 37 espazos de radio a través de 22 emisoras locais e municipais, das cales 13 pertencen á provincia da Coruña, e a través da rede (desde a súa páxina web <https://adega.gal/radiocerna>, desde as redes sociais e a plataforma de podcast ivoox.com e desde as canles dixitais das emisoras colaboradoras). Todos estes espazos están subidos no repositorio web e pódense escoitar vía *streaming* ou mediante descarga de arquivo. Deste xeito estase a conseguir completar un repositorio histórico de voces sobre medio ambiente e a ecoloxía en Galiza, que están dispoñibles de balde para calquera persoa usuaria da rede, con posibilidade ademais de subscripción por RSS.

CERNA TV

Cerna TV púxose en marcha durante 2019 como medio de difusión on-line de contidos audiovisuais sobre medio ambiente, ecoloxismo e patrimonio cultural de Galiza. Durante 2022, conseguiuase:

- Publicar 24 pezas das 118 que hai para o seu visionado na canle.
- Publicar 2 pezas na sección “Conversas co Ecoloxismo”, unha de de produción propia e outra allea.
- Retransmitir 14 eventos: 6 xornadas de carácter ambiental de produción propia, 3 de produción allea, 2 roldas de prensa de produción propia e 3 resumos de mobilizacións.

- Publicar 8 documentais: 7 de produción propia e 1 de produción allea.

DOSIERES DE ACTUALIDADE AMBIENTAL

Este dossier ten como obxecto rexistrar diariamente todas as novas de carácter ambiental ou sobre o patrimonio cultural publicadas nos medios dixitais galegos e con aplicacións RSS para o seguimento informativo, e expostas na sección da web de Radio Cerna titulada “O ambiente galego nos medios” e no apartado “[Dossier ambiental](#)”. Neste apartado clasifícanse as novas recollidas por temática, medio de procedencia e data de publicación, para configurar semanalmente un dossier ambiental representativo da información recollida nos medios. Durante 2022, publicáronse en torno a 7.000 feeds de novas na web do proxecto Cerna e 49 dossieres ambientais coas novas sobre patrimonio e medio ambiente publicadas nos medios de distribución galega.

DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

Todas as actividades descritas desenvolvéronse e/ou coordináronse desde a sede de ADEGA, na Avenida de Castelao, 20 Baixo (Santiago de Compostela).

REVISTA CERNA: todas as publicacións editadas en 2022 coordináronse desde a sede principal de ADEGA, e incorporaron contidos esencialmente relativos a actividades, proxectos e problemáticas ambientais relativas á provincia da Coruña e ao ámbito galego, en xeral. Os exemplares impresos da revista Cerna son distribuídos na provincia da Coruña e no resto de Galiza, e a tirada acadou os 2.000 exemplares impresos e distribuídos nos centros de ensino de ESO e BAC, bibliotecas públicas, universidades, asociacións culturais, medios de comunicación, concellos da provincia da Coruña e todos os departamentos ligados á Deputación provincial.

RADIO CERNA: todos os espazos de Radio Cerna foron elaborados desde a sede principal de ADEGA, en Santiago de Compostela. Os contidos de carácter cultural e ambiental que recolle Radio Cerna proceden de feitos que teñen lugar en todo o territorio galego, se ben é certo que a meirande parte dos espazos radiofónicos son difundidos a través de emisoras locais e municipais da provincia da Coruña, polo que se pon un especial fincapé nas novas referidas a esta área xeográfica. Estas son todas as emisoras colaboradoras (22):

MUNICIPIO	EMISORA	FRECUENCIA FM	HORARIO EMISIÓN
A Coruña	Cuac FM	103.4	7.00h 14.00h
Ames	Radio Ames	107.2	12.30h 20.30h
Arzúa	Radio Arzúa	107.4	11.10h
Cerceda	Radio Cerceda	107.2	18.30h
As Pontes	Radio Eume	107.5	12.00h
Fene	Radio Fene	107.7	13.00h
Ferrol	Radio Filispim	93.9	8.10h 13.10h 00.10h
Melide	Radio Melide	107.1	16.45h
Negreira	Radio Negreira	107.0	12.50h
Corcubión	Radio Nería	107.8	12.00h 15.50h

Memoria de actividades do Proxecto Cerna 2022



CERNATV



Radio cerna

Ordes	Radio Ordes	107.3	11.10h 12.00h
Ponteceso	Radio Roncudo	106.1	12.00h 15.00h
Redondela	Radio Redondela	94.9	13.30h
Quiroga	Radio Quiroga	107.3	11.00h
Vilalba	Radio Principal	87.7	08:50 sábados
Monforte	Radio Principal	97.0	08:50 sábados
Allariz	Radio Allariz	107.2	mércores e venres, ás 11:10 e 19:10h
Vigo	Radio Piratona	106.1	todos os días, ás 12, 17 e 21h
Pontevedra	Pontevedra Viva	http://pontevedraviva.com/radio/	14.00h
Foz	Radio Foz	107.4	20.15h
Lalín	Radio Lalín	106.8	11.50h
A Estrada	Radio A Estrada	107.7	10:00h

CERNA TV: A meirande parte das gravacións dos vídeos publicados en 2022 en Cerna TV foron filmados en localidades pertencentes á provincia da Coruña, nomeadamente, en Santiago de Compostela e A Coruña. A totalidade dos vídeos de produción propia filmados foron editados e post-producidos en Santiago de Compostela. As entrevistas, roldas de prensa e a meirande parte das xornadas divulgativas tiveron lugar na provincia da Coruña.

DOSIER AMBIENTAL: Todos os dosieres de información ambiental elaborados durante 2022 realizáronse desde a sede principal de ADEGA en Santiago de Compostela. Así mesmo, a maior parte dos medios de comunicación dixitais, xeneralistas ou locais, dos que se fai selección e acopio ou rexistro diario de novas neste dossier de información ambiental teñen a súa sede na provincia da Coruña: Atlántico Diario, Campo Galego, Cuturagalega.org, Europa Press Galicia, Galicia Confidencial, Nós Diario, GCiencia, La Opinión, El Correo Gallego, Praza Pública, Lindeiros, Que pasa na Costa, etc. Toda a información ambiental recollida nos 49 dosieres ambientais de Cerna en 2022 procede de feitos ou acontecementos transcorridos ou que afectan ao conxunto de Galiza.

Memoria de actividades do Proxecto Cerna 2022



A continuación presentamos o **cronograma** das actividades desenvolvidas ao longo de 2022:

En preparación (amarelo)
Publicación / emisión (verde)

	Revista Cerna	Radio Cerna	Cerna TV	Dossier Ambiental	Redes Sociais
Xaneiro	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Febreiro	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Marzo	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Abril	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Maio	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Xuño	Verde	Verde	Verde	Verde	Verde
Xullo	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Agosto	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Setembro	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Outubro	Amarelo	Verde	Amarelo	Verde	Verde
Novembro	Verde	Verde	Verde	Verde	Verde
Decembro	Verde	Verde	Verde	Verde	Verde

CUANTIFICACIÓN E PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES

REVISTA CERNA

As persoas destinatarias que recibiron a publicación impresa de balde foron centros de ESO e BAC, bibliotecas municipais e universitarias, asociacións culturais e grupos ecoloxistas galegos e de Portugal, organizacións políticas sindicais, medios de comunicación, concellos da provincia da Coruña e todos os departamentos ligados ao ente provincial. Tamén se distribuíron entre as persoas socias de ADEGA e as subscritoras da Revista. En total, foron distribuídos 2.000 exemplares en papel. Así mesmo, a través do seu soporte dixital <https://adega.gal/revistacerna>, a revista CERNA superou as 10.000 visitas. A estas, hai que sumarlle as persoas destinatarias do soporte en papel xa mencionadas e as interaccións recibidas a través das redes sociais e da plataforma issuu.com. Nesta última alcánzanse de media as 700 impresións e en torno ás 100 lecturas nos meses directamente posteriores ás publicacións. Por tanto, podemos considerar que a revista CERNA acadou durante 2022 arredor de 20.000 beneficiarias directas en toda Galiza.

RADIO CERNA

Estimamos que a audiencia potencial acadada por Radio Cerna en 2022 a través das emisoras municipais e locais colaboradoras alcanzou as 460.000 persoas, ás que lles hai que sumar as escoitas on-line a través da súa web <https://adega.gal/radiocerna> (en torno a 37.000 en total, cunha media de mil oíntes por programa) e as descargas a través de ivoox.com (1.850 en total).

CERNA TV

Para poder realizar unha cuantificación estimada das visualizacións da canle de Cerna TV, os datos que nos poden proporcionar con maior fidelidade esta información son os recollidos a través da canle de Youtube de ADEGA, na que se insiren todos os vídeos ligados a Cerna TV. Durante 2022, a Canle Cerna TV rexistrou en torno a 4.500 reproducións. As reproducións totais da canle superan as 96.118 e número de persoas subscritoras subiu ata as 606. A maior parte das persoas espectadoras sitúanse nunha franxa dos 35 e 54 anos, con maior porcentaxe de homes que de mulleres. Con respecto a 2021, Cerna TV mantivo o nivel de audiencia e subiu o tempo de reprodución, polo que estabilizou o seu alcance e público.

DOSIER AMBIENTAL

Durante 2022, conseguiu máis de 3.400 visitas segundo datos do panel de estatísticas da web de ADEGA, ás que hai que sumar todas as impresións ou lecturas procedentes dos medios, colectivos e entidades que reciben semanalmente o dossier ambiental.

RESULTADOS OBTIDOS

Os obxectivos xerais establecidos para o Proxecto Cerna no ano 2022 foron acadados. Puxéronse a disposición da sociedade materiais de temática medioambiental a través de diferentes canles de difusión, coa protección e conservación do patrimonio ambiental e cultural de Galiza como eixo de actividade do Proxecto Cerna. Deste xeito, consideramos ter contribuído ao coñecemento da identidade propia, da nosa paisaxe e natureza e da nosa realidade ambiental e ecoloxista. É de sinalar que a lingua galega foi a lingua vehicular en todos os formatos e materiais xerados.

Ademais, acadáronse os obxectivos de divulgación e concienciación dunha forma de vida máis sostible, fundamentada na sensibilización e compromiso ambiental co medio que nos rodea. Acudimos a voces expertas nas distintas materias de estudo que inciden na configuración sustentable da nosa contorna, ao dar valor a aqueles proxectos ou investigacións realizadas por investigadores/as galegos/as que contribúen ao desenvolvemento sostible do territorio galego.

Por outra banda, difundimos proxectos de base social destinados a estimular a sociedade na conservación, recuperación e promoción de bens patrimoniais, culturais ou ambientais de carácter público, así como casos de reivindicación ambiental fronte a proxectos que poñen en risco a integridade ambiental ou social da poboación galega e, nomeadamente, a eólica na provincia da Coruña, así como outros fenómenos derivados do cambio climático e o estado dos montes como os incendios forestais, que alcanzaron cifras de récord en hectáreas queimadas no verán do 2022.

A vocación de incidencia social do proxecto Cerna constátase tamén coa colaboración altruísta de 13 emisoras locais ou comarcais da provincia da Coruña que nos permitiron difundir os contidos de Radio Cerna a través das súas frecuencias moduladas, o que contribúe así á sinerxía na comunicación ambiental da provincia e á pluralidade mediática e informativa do país e na lingua propia.

En canto aos obxectivos específicos, consideramos que tamén se teñen acadado de forma moi satisfactoria, tendo en conta que non se puido dispoñer de todo o investimento previsto para 2022. Editáronse o número de revistas previstas, que acadaron un bo número de visitas aos seus artigos. No caso de Radio Cerna, mantense a tendencia no volume de escoitas, polo que se considera unha aposta xa consolidada, cun público seguidor estable. No caso das novas actividades incluídas no proxecto Cerna desde 2019 (Dossier ambiental,

Cerna TV), en 2022 adquiriron un volume de contido significativo, especialmente a canle televisiva polo seu alcance e proxección acadada.

ADEGA encara o 2023 con novidades para o proxecto e co obxectivo de manter e mellorar a audiencia conseguida a través dos diferentes formatos informativos que conforman Cerna.

OBXECTIVOS DO PROXECTO CERNA 2023

Obxectivos xerais:

- **Procura de novos públicos** a través de diferentes estratexias.

Obxectivos específicos:

- Publicación de dúas revistas Cerna en xuño e outubro-novembro, creación do Anuario Cerna 2023 en decembro, realización e produción propia de cando menos 6 pezas audiovisuais para as distintas seccións de Cerna TV; creación de en torno a 40 programas radiofónicos e construción de entre 45 e 52 dossieres ambientais.
- Envío semanal da Newsletter Cerna coas novidades do proxecto, para fidelizar as persoas xa seguidoras do proxecto e chegar a outras novas.
- **Busca activa de novas emisoras locais que ceda un espazo para Radio Cerna.**
- **Creación de tres novas seccións na Revista Cerna:** unha sobre Patrimonio Cultural, da man da Rede do Patrimonio; outra chamada 'A-prender! Coñecementos que prenden na memoria', sobre cultura xeral vinculada á natureza, da man de Ramsés Pérez; e unha terceira dedicada á poesía relacionada coa ecoloxía, da man de Ramsés Pérez e Olga Novo.
- **Creación dunha estratexia de comunicación en redes sociais** (Facebook, Instagram e Twitter) co obxectivo de unificar a imaxe do Proxecto Cerna, xerar unha marca identificativa e aproveitar todas as posibilidades de difusión que achegan as RRSS, incluso mediante a patrocinación de determinadas publicacións ao longo do ano para xerar máis tráfico.
- Creación dunha estética e ordenación dos contidos unificada para todos os vídeos no seu proceso de edición, de xeito que consigan unha marca identificativa do Proxecto Cerna.
- Creación dun **libro de estilo** para a Revista Cerna no que integrar cuestións xerais sobre normativa e aplicacións escritas (ortotipografía, perspectiva de xénero e linguaxe inclusiva, etc.).
- Busca da **paridade nas voces que escriben a Revista Cerna** a través dunha selección das persoas redactoras que teña en conta unha perspectiva de xénero e feminista.